

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Apresentado recurso de reposición ante o tribunal Superior de Galicia

Máis de 1600 profesores de 93 centros contra o Decreto de Isención do galego no ensino

■ x.c.

A campaña que están a desenvolver a Mesa de Normalización Lingüística, xunto aos sindicatos SGTE, UTEG-INTG, CCOO e CXTG e máis as asociacións Nova Escola Galega e AS-PG está conseguindo un eco moi elevado entre profesores de Centros de Ensino Médio e EXB, obténdose xa a protesta explícita de máis de 1.600 profesores e 96 centros de ensino. A presentación dun recurso contra o decreto perante o TSXG é o culmen desta campaña.

O recurso apresentado polas organizacións antesditas é de reposición contra a disposición gubernamental que, para os recorrentes, abre un perigoso camiño de discriminación precisamente contra a lingua máis desfavorecida, introducindo fendas lexislativas onde o edificio normalizador do galego pode verse máis afectado. O recurso baséase na vul-

neración do artigo 5.3 do Estatuto e do artigo 13 da Lei de Normalización Lingüística, "frente ao esquema de protección e potenciación do uso normal e oficial do idioma galego contido, entre outros, nos preceptos do Estatuto para Galicia, a Administración trata de impor un sistema de isencions no ensino non universitario que sobrepasa con moito o

deseño normalizador que daque-la norma se desprende. Con efecto, a disposición que entendemos infrinxida impón aos poderes públicos o deber de ser garantes do uso normal e oficial da lingua propia de Galiza, así como a potenciación do seu emprego en todos os ámbitos e entre eles, loxicamente, o docente, pois nel se basa precisamente a normalización que pretende a norma constitucional e autonómica. Resulta paradóxico —engade o recurso— que neste proceso de integración lingüística, ao longo do que se ditaron todo tipo de regulamentos a tal fin, a Administración autonómica, a proposta da Consellaria de Educación, acorde dictar este Decreto cun contido que, esencialmente, supón un retroceso neste iter

normalizador con respecto á situación imediatamente anterior".

Infracción constitucional

As infracciones da Lei Normalización lingüística refiren aos apartados que invocan a obrigatoriedade de estudio da lingua galega e a garantía do uso efectivo desde direito, para finalmente abandonar na infracción do artigo 105 da Constitución no que establece a audiencia dos ciudadáns directamente ou através das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei nos procedementos de elaboración das disposicións administrativos que lles afecten. Nese sentido apóntase que os recorrentes "teñen un interese lexitimo, pois neles están integra-

dos colectivos intimamente relacionados co ensino que resultan afectados por esta disposición de carácter xeral, amén do interese directo que tamén ostentan".

A derradeira infracción sinalada é a do artigo 9.1 da Lei de Consellos Escolares que obriga a consitar preceptivamente ao Consello Escolar de Galiza "do que será necesario traer á vista o informe antes de dictar a disposición controvirtida".

O recurso apresentouse con data de 22 de Maio e mentres se resolve as organizacións recorrentes van seguir a sua campaña de presión e pronunciamentos escolares.